

Librería

---

Xosé Díaz Díaz

**Resultados da  
liquidación do  
sistema de  
financiamento de  
réxime común  
en 2018**



## Índice

Limiar	<b>3</b>
1. Tipos de SdF existentes no estado español	<b>3</b>
2. Como funciona e que obxectivos políticos persegue o SdF chamado de réxime común	<b>9</b>
3. Aproximación dos impostos soportados en Galiza polo sistema fiscal español	<b>17</b>
4. A inexistencia práctica de políticas fiscal e orzamentaria dada a carencia de autonomía política real	<b>18</b>
5. O SdF non é a única forma de succións dos recursos económicos galegos	<b>26</b>
6. Os resultados da liquidación do SdF de RC en 2018	<b>28</b>
7. Unha cuestión final	<b>31</b>
Anexos	<b>35</b>

**LIMIAR.** Os sistemas de financiamento (SdF) teñen a súa razón de ser nos estados onde exista unha *descentralización*, ben de carácter *administrativa*, é dicir, de simples *xestión* en determinadas materias, ben de carácter *política*, no que as unidades descentralizadas dispoñen de *soberanía* sobre o manexo dos ingresos e gastos, que pode ir desde un grao total a máis ou nada parcial, segundo as circunstancias. Por exemplo, no caso do Estado español ben sabemos e padecemos que se *fundamenta* nunha absurda e mesmo –sobre todo por quen exercen a función de sostén do sistema e de opresión das nacións reais existentes dentro del á forza, o que lles garante beneficios sen fin–, *nunha (case)«eterna» e indiscutíbel soberanía única* que repousa como corolario nunha suposta *nación única*, confundida co Estado, desprezando toda lóxica e o desenvolvemento histórico concreto, de maneira que as CCAA do réxime *común* (non *foral*) non dispoñen de *poder exclusivo* ningún mais que nun grao mínimo (os tributos *propios*, de escasa contía, dadas as limitacións que impón a L.O.F.C.A.) e sobre os que, precisamente, a maioría de «*expertos*» españolistas, senón todos eles, propoñen a súa eliminación sen máis, para non deixaren pegada ningunha de soberanía nestas comunidades, cara conformar, de facto, unha descentralización simplemente administrativa, convertendo ao Estado no exclusivo actor decisorio sobre as competencias «*cedidas*» e sobre os recursos financeiros «*concedidos*», e a mesma *natureza* destes, precisos cara a cobertura do seu custo.

*Os SdF tratan pois de como financiar as competencias transferidas ás unidades descentralizadas para que estas podan ser levadas a cabo realmente.* De aí que os dous principios esenciais para a súa avaliación sexan o de *suficiencia* (cuantitativo, a respecto de se cobren ou non o custo real das competencias) e o de *autonomía* (cualitativo, en relación coa capacidade de decisión sobre as competencias e os recursos que as financian). Nada teñen a ver con «*solidariedades*» nin parvalladas semellantes.

**1 TIPOS DE SdF EXISTENTES NO ESTADO ESPAÑOL.** No Estado español presenciamos dous tipos de sistemas de financiamento moi diferentes, e mesmo no caso do réxime común existen especificidades como a que, por exemplo, acontece co Réxime Económico Financeiro (REF) canario.

Así, por unha parte, temos o sistema de *concerto* ou *convenio* (País Vasco e *Nafarroa*, respectivamente) que recolle a CE na súa Disposición Adicional 1ª, e mesmo na D. Transitoria 4ª se recolle a posibilidade de que en *Nafarroa* se poda realizar *un referendo* cara a súa unificación co País Vasco (Euskadi Sur). Neste caso, a soberanía fiscal recae (case)exclusivamente sobre os *Territorios históricos*, as *Deputacións forais*, que recadan, xestionan e regulan soberanamente todos os

impuestos do sistema fiscal *español* (aínda que nos casos do IVA e dos Impostos Especiais deben manteren os mesmos tipos e algunha limitación adicional, tal como recolle a lexislación sobre tal sistema). Evidentemente, o Estado está, en consecuencia (case) desaparecido neste ámbito. Así estamos diante, no caso destas CCAA, de *catro facendas soberanas*. Notemos como exemplo, que no caso vasco, en liña co anterior, as tres circunscricións electorais teñen o mesmo número de deputados, independentemente de calquera outro aspecto diferencial, como é o da poboación moi diferente entre elas, *presentando unha notoria fasquía de índole confederal*. O financiamento do Goberno vasco, dos concellos e dos propios Territorios históricos, procede, obviamente, dos recursos que recadan estes últimos, segundo unhas regras establecidas na lexislación do concerto.

Por tanto, o sistema de concerto no caso vasco e o de convenio no caso navarro constitúen os instrumentos xurídicos polos que se regulan as relacións tributarias e financeiras entre o Estado e estas comunidades, que forman parte do réxime foral. Atendendo aos tempos actuais, como antes citamos, a «*sacra*» CE do 78 «*ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais*». Así o Estatuto do País Vasco de 1979, o *Estatuto de Guernika*, establece no seu artigo 41 que «*as relacións tributarias entre o Estado e o País Vasco virán reguladas mediante o sistema foral tradicional de Concerto Económico ou Convenios*», así como as bases do seu contido e a definición de que a achega do País Vasco ao Estado consistirá nun *cupo* (cota) global, como suma dos correspondentes a cada un dos seus Territorios, para financiaren os servizos competencia do Estado ou non transferidos á comunidade. A Lei 12/2002, de 23 de maio, aprobou, con carácter *indefinido*, o Concerto Económico vixente establecendo que cada cinco anos aprobarase unha lei de metodoloxía do *cupo* (cota) do quinquenio. No ano 2017 estaban concertados a totalidade dos impostos do Estado, agás o de rendas de alfándegas. Asemade na lei do *cupo* (cota) referida ao quinquenio que comezará no exercicio 2017, este quedou establecido en 1.300 M€ para este primeiro ano.

***Non esquezamos que o sistema de concerto foi a reivindicación histórica do nacionalismo galego, desde as Irmandades, o Partido Galeguista e hoxe polo BNG.***

Pola outra, o chamado *réxime común*, que afecta ao resto das CC.AA. ás que o Estado «*cede*» *unha parte dos impostos* do sistema fiscal español, e naqueles máis importantes (IRPF, IVA e IIEE) «*cede*» *parcialmente o seu rendimento* (50% no caso dos dous primeiros, 58% no terceiro), referíndonos, claro é, ao sistema de financiamento en vigor. Asemade, se lles «*cede*» unhas competencias (cuxa *titularidade* segue en mans do Estado) moi limitadas na regulación, recadación e




xestión deses impostos «cedidos», deixando de lado que no caso do IVA e dos Impostos Especiais (IIEE), **son simplemente nulas**. O sistema se deseña, *a priori*, para que, en xeral, esta canastra de impostos «cedidos» non abonde para lle facer fronte ao (suposto) custo das competencias transferidas, de xeito que, de novo o Estado benfeitor, «cede» determinadas **transferencias** (traducidas polo españolismo como «solidariedade», «equidade», «nivelación» e demais), para que, conxuntamente, os **tributos e transferencias** «cedidas» igualem o (suposto) custo das competencias transferidas, **que non está baseado no custo real** das mesmas nas diferentes CCAA, senón no uso dun conxunto de variábeis demográficas e non demográficas (chamada **Poboación Axustada** no SdF vixente), ás que se lles aplica unha ponderación, *a priori*, e nunca explicada, e que logo nos «venden» de xeito embusteiro como o **custo real** de tais competencias, o que a propia realidade encárgase axiña de desmentiren continuamente, e isto, de facto, é a causa fundamental da necesidade **de revisión periódica** deste tipo de SdF. Faise nido que os recursos para financiaren o custo real das competencias, (non o falseado a través de formulacións como a «Poboación Axustada», que, xunto coa división dos recursos en impostos e transferencias, xogan un importante papel ideolóxico cara remacharen na idea dun benfeitor, necesario, insubstituíbel Estado español, a conta de quen vivimos, e non viceversa, como realmente acontece), **poderían consistiren unicamente en impostos**. De feito, no caso galego, cos mesmos impostos «cedidos» que actualmente, mais que no caso do IRPF, o IVE e os IIEE o rendemento «cedido» acadase un 73%, obteríanse os mesmos recursos que actualmente coa división devandita (8.158,98 M€ en termos reais, no último exercicio liquidado, 2018), facendo «desaparecer» de maneira natural a necesidade das transferencias estatais, e con ilo toda a cantilena da «solidariedade» e demais e da benéfica e necesaria existencia estatal, tal como está conformada. E que dicir, no caso de considerar a **totalidade dos impostos soportados por Galiza**, polas súas persoas e as empresas que producen aquí calquera sexa a localización da súa sede (neste ano 2018, tal totalidade supuxo un **mínimo de 13.132 M€**).

Resulta evidente, xa que logo, que o sistema de réxime común e o de concerto **son moi diferentes, tanto no cuantitativo como, especialmente, no cualitativo**. O último corresponde ao recoñecemento de facto, que non *de iure* como Nación, facendo obvia a existencia dun **estado plurinacional**, que iso é o que existe na realidade por moito que a neguen. Ademais da existencia dunha facenda propia auténtica, o *cupo (cota)* resulta como froito dunha negociación **bilateral en pé de igualdade**, existindo paridade de membros por ambas as dúas partes. O que Galiza gañaría cun sistema de concerto queda patente polos números que vimos e veremos, mais tan importante é o aspecto cualitativo que Galiza ostentaría, por fin, dentro deste Estado-Leviatán, unha maior capacidade cara superaren a situación

actual que limita, a cada paso máis, os nosos sectores produtivos, o emprego, a nosa economía, os servizos públicos, cultura, patrimonio e benestar social, coas conseguíntes pragas derivadas de todo isto (nivel salarial e das pensións inferior, a emigración permanente, e as súas consecuencias demográficas e económicas, ...). O primeiro, pola contra, corresponde a idea de unidades descentralizadas **consideradas como simples rexións**. Trátase da **concesión** dun estado unitario nun proceso de descentralización moi limitada politicamente para que se poidan (mal) financiaren as (limitadas) competencias e os servizos públicos transferidos. Concesión establecida dunha maneira tal que «pareza evidente» que Galiza precisa do Estado –«solidariedade»– para poder prestar esas competencias. Non existe unha Facenda propia real, como no caso anterior, que recade, regule e xestione todos os tributos soportados polos galegos e o sistema é froito dunha negociación **multilateral** no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF). O que sigue non é máis que un breve resume das diferenzas entre os dous sistemas de financiamento devanditos:

## O Réxime Común (A) e o de Concerto (B)



**CARGAS XERAIS DO ESTADO QUE ATENDE O CUPO (COTA):**

- As C. EXCLUSIVAS do Estado (Defensa, AAEE, Casa Real, ...)
- De titularidade da CA [Estatuto] NON TRANSFERIDAS (prisións, xestión SS, ...).
- Financiamento do FCI
- Servizo da Débeda do Estado

**PAGO:** o 6,24% (1980) do gasto estatal, deducida a «*asignación orzamentaria íntegra que, A NIVEL ESTATAL, corresponda ás competencias asumidas pola CA*».

Conceptos:

CUPO (COTA) **BRUTO:** 6,24% do custo de todas as competencias non transferidas á CA

CUPO (COTA) **A PAGAR :** O resultado de aplicar ao anterior as deducións seguintes:

- ✓ Tributos NON CONCERTADOS (creados polo Estado e aínda **non incluídos no Concerto**).
- ✓ Conceptos **NON TRIBUTARIOS** [Patrimoniais e financeiros], como multas, sancións, xuros, ... .
- ✓ O Déficit Público.

**EXEMPLO DE CÁLCULO****CUPO (COTA) PROVISIONAL – LEI QUINQUENAL CON ANO BASE 2007**

CONCEPTOS	Millóns €
Gastos do Orzamento do Estado	188.417
Custo Competencias Vascas a NIVEL ESTATAL (nos OXE)	- 102.665
<b>IMPORTE TOTAL DAS CARGAS/COMP. NON ASUMIDAS</b>	<b>85.752</b>
<b>CUPO (COTA) BRUTO = 6,24% de 85.752 M€ (1)</b>	<b>5.351</b>
<b>(a) Compensacións e axustes a deduciren (6,24%)</b>	<b>-3.703</b>
Por Tributos non concertados (3.942,61 M€)	-246
Outros Ingresos non Tributarios (7.589,29 M€)	-474
Déficit orzamentario do Estado (40.872,26 M€)	-2.550
Por Impostos Directos Concertados	-433
<b>CUPO (COTA) LÍQUIDO = (1) – (a)</b>	<b>1.648</b>
Compensacións Artigo 6.2 da Lei de Cupo	-82
Disposición transitoria única	3
Compensacións Araba	-4
<b>LIQUIDO A PAGAR</b>	<b>1.565</b>
<b>( BOE 26-10-2007)</b>	

(1) Suposto que o nivel de competencias transferidas ao resto de CCAA fora o mesmo que o do País Vasco (que no caso galego non o é), o total dos gastos incluídos nos orzamentos xerais do Estado (OXE) deste ano 2007, correspondente as competencias non asumidas polo conxunto das CCAA sería de 85.752 M€. Posto que a proporción do PIB galego sobre o estatal, neste ano, foi do 5,14%, o CUPO (COTA) BRUTO resultante para Galiza sería de 4.404

M€, 947 M€ inferior ao correspondente ao País Vasco, como se ve no cadro enriba.

**«O Concerto é a pedra angular da autonomía vasca (sen el, Euskadi sería unha rexión máis)» (Pedro Luís Uriarte, Conselleiro de Economía e Facenda que negociou o Concerto de 1981).**

(Dados do Concerto esencialmente tomados de «Nuestro Concierto: Claves para entenderlo» (28/02/2016)).

**¿Queremos ou aspiramos nós a seren unha rexión, contra do que sempre reivindicou o nacionalismo galego?**

### **CUPO (COTA) DA C.A.P.V. PARA QUINQUENIO CON ANO BASE 2017**

<b>CONCEPTOS</b>	<b>Millóns €</b>
Gastos do Orzamento do Estado	276.152
Cargas asumidas pola C.A.P.V. (*)	89.966
<b>TOTAL CARGAS NON ASUMIDAS</b>	<b>186.186</b>
<b>CUPO (COTA) BRUTO = 6,24% de 186.186 M€ (1)</b>	<b>11.618</b>
<b>(a) Compensacións e axustes a deduciren (6,24%)</b>	<b>-10.313</b>
Por Tributos non concertados	-540
Outros Ingresos non Tributarios	-595
Déficit orzamentario do Estado	-8.781
Por Impostos Directos Concertados	-397
<b>CUPO (COTA) LÍQUIDO = (1) – (a)</b>	<b>1.304</b>
Compensacións Araba	-4
<b>LIQUIDO A PAGAR</b>	<b>1.300</b>
<b>( BOE 29-12-2017)</b>	

(\*) Neste importe non está integrada como Carga Asumida a valoración provisional do custo asociado aos *programas e actuacións públicas no ámbito do traballo, o emprego e a formación profesional traspasados ao País Vasco polo R.D. 1441/2010*, de 5 de novembro (Apartado G.2).

En definitiva, debería quedar claro que o sistema de concerto corresponde, aínda sexa de maneira parcial, coa idea de Galiza **como Nación**, mentres que o réxime común ou rexional corresponde a idea de Galiza como **rexión**. É precisamente a **negación das Nacións realmente existentes** e, en consecuencia, da **problemática nacional** derivada, que non «territorial», o principal problema que afrontou, afronta e terá de afrontaren este Estado opresor fundamentado na absurda, irreal,

e por tanto, ilexítima idea dunha *nación única*, chegando ao disparate antidemocrático de *facérmonos españois a quen non o somos nin queremos selo*.

Quizais para os máis novos habería que lles explicar que a propia CE distingue entre «*Nacionalidades históricas*» (aquelas que referendaron un Estatuto de Autonomía na 2ª República: Galiza, Catalunya e Euskadi. Non hai nomes que «*inventar*» sobre esta cuestión) e «*rexións*», o que ía orientado, obviamente, cara unha descentralización *política* no caso das primeiras, e *administrativa*, no caso das segundas, mais o posterior «*ruído de saúdes*» impúxose con toda a súa irracionalidade até hoxe (que se consolidou e prolongou co artigo 8º desa CE) sobre o Dereito mesmo, a soberanía popular, demostrándonos a ilexitimidade desta constitución así como o do chamado «*poder*» xudicial e todos os seus aparellos relacionados con esta cuestión. Así pouco ten de estrañar que aínda hoxe existan neste estado tribunais especiais, ao igual que acontecía no período do réxime franquista.

**2 COMO FUNCIONA E QUE OBXECTIVOS POLÍTICOS PERSEGUE O SdF CHAMADO DE RÉXIME COMÚN.** A configuración antedita para o réxime común (división dos recursos en tributos e transferencias e demais aspectos reseñados) é unha *necesidade esencial* para quen o defenden, todos os partidos estatais, cara xustificaren así a necesidade do seu Estado, e facer aparecer a Galiza, por exemplo, como incapaz de se valer por si propia, de non ser capaz de viviren do seu propio traballo, agachando que é o Estado quen debe a súa propia existencia á extorsión dos nosos recursos materiais, humanos, fiscais, enerxéticos, financeiros e demais, posíbel, grazas a situación de subordinación e dependencia que padece o noso país, unha derivada da sacra, irracional e opresiva soberanía única estatal, e da aceptación entusiasta desta situación por todos os partidos estatais con presenza na Galiza.

Por iso, nada menos que consideran que a *capacidade fiscal* galega é a canastra de impostos «*cedidos*» que describimos denantes, equivalente en 2.018 a **5.971 M€** –en termos normativos, como realizan os cálculos, é dicir, sen exercicio das cativas competencias nos impostos desa canastra que as teñen «*cedidas*»–. no canto de consideraren tal *capacidade fiscal*, como debe ser, **a totalidade dos impostos, estean integrados ou non no SdF, e ao 100%, soportados** polos galegos e as empresas que realizan a súa actividade no noso País, sexan galegas ou non (o que equivale a un **mínimo de 13.132 M€ nese ano 2018**). Unha diferenza, entre estas dúas últimas cifras algo máis ca notábel, e unha mostra palpábel da irracionalidade deste SdF desde o noso punto de vista, obviamente, que atende simplemente á realidade, á verdade. Non, desde logo, o deles, que é consecuencia directa da súa *ideoloxía españolista e da súa irracionalidade conxénita*. De facto, e como vemos



no ano 2018, último exercicio liquidado, os impostos «cedidos», a «*capacidade fiscal galega*» segundo os españolistas, ***significan na realidade o 45% unicamente dos tributos realmente soportados polos galegos***. Así e como utilizan a «*ciencia*» os españolistas no seu delirio cara xustificaren o inxustificábel. Por outra parte ao non tomar en conta o ***custo real*** das competencias, ***o principio de suficiencia fai augas por todas as partes***, como mesmo recoñecen os «*expertos*» antes mencionados, e faise patente de maneira fundamental, nos denominados Servizos Públicos Fundamentais (SSPPFF) – (A° 158.1 da CE: Sanidade, Ensino e Protección Social). CE que non se presenta como moi «*sacra*» e de «*obrigado cumprimento*», polo que se ve, cos SSPPFF ou tamén co feito da inalcanzábel igualdade «*territorial*» (A° 158.2 da CE). De facto, no sistema vixente, ***o déficit de financiamento*** no SdF relacionado con estes SSPPFF, no período liquidado comprendido entre o ano 2009 (ano inicial de vixencia do SdF) e o ano 2018, último exercicio liquidado, cando se compara coas ***cantidades liquidadas deses servizos polos orzamentos galegos***, acada a contía de **14.888,25 M€**, no que certamente incidiu de maneira notábel tamén a grande crise padecida. Deixando á parte as importantes contías dos denominados «*gastos desprazados*» que afectan en grande medida a estes SSPPFF, o que é moito deixar, non debería sorprenden que, de acordo coas cifras do endebedamento galego que publica o Banco de España, estas pasaran dos 5.054 M€ en 2009 aos 11.349 M€ (18,1% sobre o PIB galego) a fins do ano 2018. Neste mesmo ano os Gastos non Financeiros liquidados galegos alcanzaron os 9.109 M€ e o servizo do endebedamento dese exercicio –xuros máis amortización da débeda viva– supuxo uns 1.188 M€.

O mesmo Informe de Fiscalización do SERGAS do ano 2017, realizado polo Tribunal de Contas galego, afirma con rotundidade que «*o documento orzamentario presenta unha limitada capacidade como instrumento de planificación, previsión e control do gasto xa que existe unha permanente insuficiencia estrutural dos créditos iniciais para dar cobertura ás obrigas de cada exercicio. Esta situación obriga a incluír no ámbito da análise o concepto de **gasto real** que permite incorporar o efecto do **gasto desprazado***» (subliñados nosos). E, a respecto, dos ingresos liquidados, dos dereitos recoñecidos netos, para o financiamento dos gastos sanitarios, ascenderon a 3.900,90 M€, dos que, a parte do león (3.718,19 M€), proveñen do sistema de financiamento (o 95,3%), polo que logo de explicar a integración do sistema sanitario nos SSPPFF (sob a teima de pretenderen ***unha igualdade desde un criterio estritamente financeiro fundamentado nunha serie variábeis demográficas e non demográficas***), entenden que «*así concibido, o nivel de protección sanitaria faise depender da capacidade de xestión dos recursos asignados por cada CA, sen se definiren ou se ter previstos mecanismos (instrumentos financeiros ou doutro tipo) destinados a garantir niveis homoxéneos entre os diferentes territorios*».

A grande crise (que xa parece quedar pequena enfrontada coa presente crise sanitaria e social derivada da pandemia da COVID-19) fixo caer en picado os recursos das CCAA. Pouco ten de estrañar que, a partires do ano 2012 se tiveran de arbitrar uns *mecanismos de financiamento extraordinarios*, consistentes en préstamos brandos, de carácter *temporal* mais que aínda están en vigor nestes tempos (2020), e nos que non participaron as comunidades forais. E Galiza, por mor da actitude do seu Presidente, trocando, tal como o fai reiteradamente e con plena satisfacción, a súa misión esencial de defender os intereses de Galiza polos de España, fixo un uso mínimo deles, con grave prexuízo para os nosos servizos públicos, de maneira que no período 2012-2018 a súa participación elevouse escasamente ao 3 por cento, **8.194 M€** duns fondos totais repartidos de **261.750 M€**, unha participación paupérrima. Sintomático resulta que mentres o resto de CCAA utilizan os recursos recibidos na sanidade, no ensino, nos servizos sociais e no resto de actividades, certamente con clara prioridade cara a sanidade, a esta dedicou Galiza todos os poucos recursos que lle foron achegados. Por outra parte vai acontecer que coa chegada do goberno *progre*, entramos nunha situación de menor transparencia, e así os estudos que denantes se facían, que incluían un interesante apartado relativo ao *aforro total* que supoñía a aplicación destas medidas financeiras no período devandito, cando se comparaban coas condicións existentes nos mercados financeiros, deixaron de se facer sen máis explicacións (lembrems que no período 2012-2017 tais beneficios eleváranse a **51.983 M€** en total, dos que *Galiza só se «beneficiou» no 0,55% (286 M€)*. Outra obra monumental do Feixóo. Naturalmente uns recursos de tal dimensión e reparto tan desigual, provocan as consecuencias positivas ou negativas correspondentes, que naturalmente os «científicos» adoradores das balanzas fiscais ou doutros trebellos semellantes, por definición súa, nunca tomarán en conta, mais unha demostración do carácter estritamente ideolóxico dos seus «estudos», ben retribuídos certamente para encheren as súas propias carteiras.

Por outra parte, o *principio de autonomía* do sistema é limitadísimo, ao non asentaren, nunha Facenda propia galega, que regulase, recadase e xestionase todos os impostos soportados polos galegos, tal como vimos no outro sistema e como debería ser o normal e propio para *as nacións realmente existentes*. Emporiso carecemos dunha auténtica autonomía financeira e dunha política fiscal, que son chave dunha *autonomía política real*.

E fronte a falacia e barbaridade (ver o acordo e a Lei do SdF, 22/2009) de que a *capacidade fiscal galega* consiste nos tributos «cedidos» e *non na tributación total que soportan os galegos e as empresas que teñen unha actividade empresarial na Galiza*, o que poderíamos traduciren en que *a verdade consiste en consideraren que o 45% dunha cousa e á totalidade da cousa*, só pode ser unha ocorrencia de

españolistas trasnoitados ou algo peor, pois éelles clave para nos demostrar a necesidade do seu Estado opresor, fundamentado en feitos irracionais, e que con súas actuacións non fai máis que nos prexudicar fortemente en todos os ámbitos de existencia freando as nosas posibilidades de podermos activar as moitas potencialidades con que contamos de seren donos do noso destino, de contar coa soberanía precisa para superar a nosa condición de Nación negada e oprimida (traducido por «*nacionalidade*» na súa constitución, sen que ilo signifique ren a respecto do resto de rexións).

A mesma pretensión se agocha na teimuda negativa a levar a cabo o *cálculo real*, en condicións de *eficiencia e eficacia equivalentes*, do custo das competencias transferidas, que se suplanta por un concepto como o da «*Poboación Axustada*», á que xa nos referimos antes, e cuxa configuración ten como finalidade principal determinaren *quen son os gañadores e perdedores* no xogo que implica este sistema de financiamento.


A Gráfica da páxina seguinte pretende facer evidente o dito anteriormente. Como se artella arteiramente polo españolismo a mistificación necesaria dos fluxos financeiros entre o Estado e Galiza, de maneira que Galiza se fai aparecer, a través dos diferentes sistemas de financiamento argallados e padecidos, como receptora duns recursos –nados misteriosamente no ceo madrileño– por parte dun estado «*salvador*», de quen «*naturalmente*» dependemos para o noso propio ben, e para o que o seu concepto absurdo e irracional de «*capacidade fiscal*» xoga un papel chave na escena de ficción que se desenvolve vía sistema de financiamento, fronte a escena da realidade, que presenta a situación obxectiva, científica, a través do acto de espoliación –vía tributaria, neste caso, por mor dun sistema fiscal que non é o noso– dos tributos que xera todo o conxunto das actividades que realizamos para a creación da nosa riqueza, como produtores, consumidores ou posuidores de patrimonios diversos, que o estado succiona, realiza para si, cal Drácula sempre ávido da nosa sangue, en todas as súas formas como veremos máis adiante.



# A Mistificación dos Fluxos Fiscais I

ANO 2018

Aquí utilizamos as cifras segundo o propio SdF, é dicir, todo en termos normativos (non Reais).



POBOACIÓN AXUSTADA			
	R. COMÚN	GALIZA	% GZ/RC
1999	37.433.077	2.841.206	7,59
2007	42.306.958	2.929.898	6,93
2009	43.790.920	2.966.939	6,78
2010	44.049.155	2.968.169	6,74
2011	44.202.984	2.966.643	6,71
2012	44.262.842	2.956.348	6,68
2013	44.125.765	2.981.328	6,76
2014	43.772.094	2.946.024	6,73
2015	43.624.802	2.926.511	6,71
2016	43.556.282	2.913.156	6,69
2017	43.563.661	2.901.609	6,66
2018	43.704.810	2.898.690	6,63

VARIÁBEL	Pond. (%)	% GZ 2018	PA % GZ
Poboación	30,0	6,182	1,855
Superficie	1,8	6,057	0,109
Dispersión	0,6	50,983	0,306
Insularidade	0,6	0,000	0,000
Pob. Prot. 77	38,0	6,977	2,651
Pob > 65 anos	8,5	8,128	0,691
Pob <= 16 anos	20,5	4,979	1,021
TOTAL	100,0		6,632

PA %GZ = Pond. (%) \* % GZ Ano N / 100

Nesta táboa, podemos comprobar na parte inferior, como se determina a reiterada «Poboación Axustada» para o caso galego, cal son as variábeis que a integran e a súa ponderación e os resultados concretos da súa aplicación para Galiza. Mentres antes tratamos esencialmente desde o lado dos recursos, agora tratamos, desde o lado dos custos, das necesidades de gasto das competencias transferidas, moi diferentes para as comunidades que forman parte do réxime común, salientando negativamente o caso galego, como consecuencia da actuación combinada dos gobernos central e

autonómico, independentemente da cor dos gobernos respectivos. Nisto o presidente da Xunta Feixó bateu unha marca histórica, quizais insuperábel en negativo. Cero transferencias desde o ano 2009, non está nada mal. Todo un sinal de identidade de como entende a súa defensa da Galiza, do seu españolismo, de maneira que debe ser a única comunidade do Estado que nin sequera revisou o seu estatuto, ben magro de competencias reais, por ser todo o suave posíbel. Así nun dos cadros da liquidación do SdF en 2018 podemos ver como o custo das competencias específicas ou singulares catalás, madrileñas e andaluzas (2.598, 1.143 e 900 M€, respectivamente) se comparan cos 334 M€ das galegas, toda unha «nacionalidade histórica».

A pouco que paremos na composición e ponderacións da «Poboación axustada», e deixando de lado que ningún artefacto desta natureza pode resolveren os custos **reais** que afrontan cada unha e o conxunto das comunidades afectadas, comprobaremos a arbitrariedade da mesma (por exemplo, porque se inclúe a inmigración e non a emigración, ...) e sobre todo a cuantificación para cada variábel considerada da ponderación respectiva. Consideremos, por exemplo, dúas variábeis que sen dúbida teñen moita incidencia nos custos: a **dispersión** da poboación que afecta directamente ao conxunto de servizos públicos ou das infraestruturas quer produtivas quer sociais que hai que achegar a esa poboación dispersa, ou, o caso da poboación **maior de 65 anos**, que afecta en maior grao ao custo da sanidade e dos servizos sociais, dado o uso moi superior (de tres veces máis para enriba, sobre a situación base) que, por razóns lóxicas, das que ninguén pode lamentabelmente fuxir, fan destes servizos, como non poden negaren nin os mesmos académicos españolistas. Pois ben, que acontece coa súa ponderación?. A dispersión supón un



0,6% e a poboación maior de 65 anos un 8,5%, **en total 9,1 puntos de custo sobre os 100 do custo total**. De verdade ten isto sentido científico?. Se nos fixamos en que o **peso relativo de Galiza** nestas variábeis é do **50,9 e 8,2%**, respectivamente, en relación co réxime común, presentarásenos de inmediato o fotograma que se mostra na parte de enriba da táboa anterior, que mostra **unha evolución continuamente descendente da participación relativa galega na «Poboación Axustada» do réxime común** desde, por exemplo, 1999 (ano base do sistema de financiamento que levou a cabo –como posta en práctica da tan afamada consigna do «*café para todos*»–, o traspaso do servizo sanitario (o INSALUD) para aquelas comunidades que non o tiñan traspasado e que eran maioría notábel, de maneira que as comunidades do réxime común tiñan todas traspasados xa a xestión dos servizos fundamentais (tamén polo volume de gasto que implica a súa prestación). Se lembramos que estamos a falar de custo das competencias, segundo os españolistas, con esta conformación específica da «Poboación Axustada» isto significa que **o custo das competencias transferidas a Galiza se «abaratan» (!!!) ano tras ano**, naturalmente en beneficio do resto das comunidades, que non se vexan sometidas a un devalar semellante. E iso sen nos deter agora na moi diferente, en negativo, posición galega de **saída**, no diferente nivel e calidade dos servizos transferidos, e en que condicións ben onerosas para Galiza se fixo a transferencia de servizos esenciais como a sanidade e o ensino, a través do uso por parte do españolismo, do centralismo, do concepto de «*custo efectivo*». Quizais así quede explicado como baixo a aparencia dun concepto «*técnico*», parecera que «*inocuo*», **nada menos estase a determinar quen son os perdedores e gañadores**, pois, obviamente, menores custos («*unidade de necesidade*» no argot dos «*sabios*» que inventan estes monstros intelectuais) requiren de menores recursos, calquera sexa a natureza destes. Non debería ser necesario indicar que Galiza xogou sempre, sempre no eido dos perdedores, neste xogo infernal que implica o SdF, que obviamente require para se poder xogar da existencia de «*rexións*» en estado puro, nunca de «*nacións con ou sen estado*», que sitúan a súa responsabilidade ao mesmo nivel ca súa dignidade. A ideoloxía é pois o motor que move toda a configuración deste sistema para maior gloria do seu Estado benfeitor, fundamentado en «*solidariedades*» que conducen a permanentes «*igualdades desiguais*», como se poderá comprobar nas Gráficas que figuran no Anexo a este texto, e tamén algo máis adiante.

Claro que alguén pode pensar que pasar de significar o 7,6 ao 6,6% das necesidades totais de gasto, iso ten moi pouca importancia **cuantitativa**. Mais hai que retrucar de contado que tal percepción constitúe un erro de vulto, dada a importancia do volume total de recursos cos que tratamos, como verase a seguir.

RECURSOS REAIS	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	
Réxime Común	93.335,06	106.579,60	101.395,24	96.514,57	95.316,47	99.780,46	105.635,65	108.644,66	112.528,53	121.674,08	
GALIZA	6.306,62	7.509,57	7.162,95	6.769,24	6.723,79	7.043,07	7.393,73	7.404,13	7.501,24	8.158,98	
% GALIZA / RC	6,76	7,05	7,06	7,01	7,05	7,06	7,00	6,82	6,67	6,71	
<b>RECURSOS GALIZA</b>											
2008 = 7,2% (*)	6.720,12	7.673,73	7.300,46	6.949,05	6.862,79	7.184,19	7.605,77	7.822,42	8.102,05	8.760,53	
1999 = 7,6%	7.093,46	8.100,05	7.706,04	7.335,11	7.244,05	7.583,31	8.028,31	8.256,99	8.552,17	9.247,23	
<b>DIFERENZA NEGATIVA:</b>											<b>PERDA AC.</b>
2008 = 7,2%	413,51	164,16	137,51	179,81	138,99	141,12	212,04	418,28	600,81	601,56	3.007,79
1999 = 7,6%	786,85	590,48	543,09	565,87	520,26	540,24	634,58	852,86	1.050,93	1.088,25	7.173,40
(*) Acordado por unanimidade, no seu momento, no Parlamento galego, como «reivindicación» sobre desta cuestión do «peso galego».											
Sobre todo isto, por suposto, agora Feixó e «outros» manteñen o máis estrito silencio. Tais son as «virtudes» acordadas por Feixó, tanto no Acordo final na Comisión de Política Fiscal e Financeira (CPFF) como na Comisión Mixta Galiza-Estado correspondente.											

Esta táboa móstranos precisamente as perdas anuais *permanentes*, así como as *acumuladas*, en que incorre Galiza no período 2009 e 2018, baixo dous supostos: se mantiver constante a porcentaxe que representaba a «*Poboación Axustada*» de Galiza sobre o réxime común en 1999 (7,6%) ou a correspondente ao 7,2% do ano 2008 (acordado, polo demais, por *unanimidade* (!) no Parlamento galego, como porcentaxe de participación galega nos recursos para o vixente SdF, daquelas en fase de negociación). Como vemos entre 2009-2018 as perdas acumuladas oscilan entre 7.173 e 3.008 M€, en calquera caso cifras moi importantes que demostran o *papel perdedor* de Galiza que o actual SdF asignoulle *a priori*, a través da súa configuración, mediante unhas variábeis e ponderacións concretas definidas *a priori*, arbitrariamente, cara compoñer a «*Poboación Axustada*», ou *unidade de necesidade* que lles conviña de acordo co peso político de cada quen e dos intereses políticos concretos do goberno central de quenda, no momento da negociación, todo ilo convenientemente disfrazado nunha ladaíña supostamente «*técnica*», «*científica*» e demais derivados, para maior gloria do Estado español realmente existente, ao que a súa teima contra da Galiza en todos os eidos, sempre replicada pola existencia de poderosos «*inimigos internos*», vén de lonxe e constitúe un dos sinais máis característicos da súa natureza, mesmo antes de se ter conformado como estado, coma debería ser ben sabido por todos os galegos. Galiza e o españolismo son entes incompatíbeis, que a primeira pagou, paga e pagará política, social e economicamente ao xeito dunha simples colonia, ao longo xa de diversos séculos, desde a súa integración forzada *manu militari*. Só alcanzando unha situación de soberanía plena galega permitíranos rematar con esta aberrante situación, e por fin, poder realizar libremente todas as nosas moitas posibilidades, que hoxe explotan alleos en beneficio propio, e dunha España *cañí*, centralista, retrógrada e parasitaria.

### 3 APROXIMACIÓN DOS IMPOSTOS SOPORTADOS EN GALIZA POLO SISTEMA FISCAL ESPAÑOL NON LOCAL.

SIST. FINANCIAMENTO «CANASTRA» TRIBUTOS	%		SdF		Resto Soport.	TOTAL
	Ces/Terr.	Rec/Terr.	Rec/Terr.	Rec/Terr.		
Cedidos tradicionais	100	604	0			604
IRPF	50	2.181	2.116			4.297
IVA	50	2.101	2.101			4.202
IIEE de Fabricación	58	742	501			1.243
IE de Electricidade	100	112	0			112
IE de Matriculación	100	35	0			35
I. Hidrocarburos (Tramo autonómico)	100	86	0			86
<b>SdF : TOTAL</b>	<b>55,4</b>	<b>5.861</b>	<b>4.718</b>			<b>10.579</b>
<b>NON INTEGRADOS SdF</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2.553</b>			<b>2.553</b>
<b>TRIB. SOPORTADOS (*)</b>	<b>44,63</b>	<b>5.861</b>	<b>7.271</b>			<b>13.132</b>
<b>PORCENTAXES</b>		<b>44,63</b>	<b>55,37</b>			<b>100,00</b>

(\*) Polo Sistema Fiscal español non Local (Concellos e Deputacións)  
Realmente os IIEE de Fabricación superan o 58%, por mor da nova configuración do I. sobre Hidrocarburos.

No ano 2018, partindo dos cadros de liquidación do SdF achegados polo Mº de Facenda, que se resumen nesta táboa, é doado chegar á cifra que Galiza soporta só polo 100% dos impostos *incluídos dentro do SdF*, en termos reais, é dicir, facendo uso das competencias naqueles impostos que dispuñan delas, e que totalizan, coma se ve, os 10.579 M€. Amais, debere-mos aproximar os soportados como consecuencia dos impostos *non incluídos no SdF* (sociedades, renda de

non residentes, primas de seguros, tráfico exterior, impostos ambientais, taxas, prezos públicos e outros, na parte non incluída no SdF), que totalizan 36.476 M€ a nivel do Estado, dos que 24.838 M€ corresponden ao Imposto de Sociedades. Ademais, na Galiza, neste ano 2018, considerando unicamente as empresas con *personalidade xurídica* que tributan *fóra das delegacións galegas da Axencia Tributaria estatal (AEAT)*, abranguen, segundo a explotación do DIRCE (INE) –ver «Galiza en Cifras» no IGE– a 3.775 empresas, persoas xurídicas (das que 1.357 son S.A., 2.405 S.L. e 19 cooperativas), onde non están incluídas as existentes nos sectores agrícola e pesqueiro con carácter societario, polo que consideramos unicamente, entre outros, os sectores financeiro, de telecomunicacións, enerxéticos, grandes distribuidoras, comerciais, grandes e medianas empresas manufactureras, extractivas, etc., das que, pola nosa parte, moi limitada de recursos, nalgún caso poden aproximarse os seus resultados, mais non o conxunto de todas elas. Porén, as empresas que tributan nas delegacións galegas da AEAT, é dicir, *as empresas galegas*, tributaron neste ano, de acordo co *Informe anual de Recadación da AEAT*, 1.189 M€. De aplicarmos o 7% ao conxunto de impostos *non integrados* no SdF obtemos unha contía que comparada coa resultante de aplicaren a porcentaxe que resulta para Galiza dos impostos *integrados* no SdF (5,6%), a diferenza é de 473 M€, cifra que quizais conservadora, asumiremos como exemplo. Deste xeito, os tributos totais soportados polos galegos *serían 13.132 M€* (10.579 integrados no SdF e 2.553 polos impostos non integrados nel), que veñen a significar *5,8% do total do réxime común*, fronte o 3,4% que resulta do Informe anual da AEAT, porcentaxe absurda, pois obviamente *exclúe toda aquela actividade producida na Galiza mais realizada a súa recadación tributaria en delegacións da AEAT alleas*

a mesma, por canto este Informe non ten como finalidade o achegamento do reparto territorial dos tributos e que, precisamente, por iso, é venerado polos adoradores das balanzas fiscais e o conxunto do españolismo. Esta é a razón do porque na *liquidación da sistema de financiamento*, para os impostos que forman parte del, o Mº de Facenda utiliza uns criterios diferentes, directos e indirectos, orientados a alcanzar *o reparto territorial* dos diferentes tributos do xeito máis aproximado posíbel, consciente do defecto, neste eido, do Informe da AEAT. Obviamente nos dous casos as cifras totais dos distintos impostos non varían. Habería pois que dicir, con máis exactitude, que esta é a *cifra mínima soportada* pola carga impositiva do sistema fiscal español (sen considerar a imposición das entidades locais) sobre os galegos e as empresas (que tributan na Galiza ou fóra dela).

Como exemplo á contrario, mais quizais moito máis evidente desa inadecuación do Informe de recadación tributaria da AEAT, salienta obviamente a «*rexión*» de Madrid, capital deste *imperio fracasado* que representa a súa España, así como a capital *do capital* –Franco *dixit*–, e principal sostén de facto deste sistema parasitario e opresor. Segundo o Informe da AEAT, nada menos alí se recada, para simplificar, *o 42% de todos os impostos directos, o 56% de todos os impostos indirectos e o 46% das taxas, prezos públicos e outros ingresos: en conxunto o 48% dos impostos e outros ingresos que forman parte do sistema fiscal español*. O cal hai de confrontar co feito de que o PIB madrileño representa unicamente o 19,2% do total estatal (INE, ano 2018, avance) que, sumado ao *carácter regresivo* do conxunto do sistema fiscal, e xa non digamos de lle incorporar a cuestión das cotizacións sociais achegadas en exclusividade polos traballadores, pon de manifesto evidente, innegábel, a irracionalidade de semellante Informe desde o punto de vista da distribución real dos impostos soportados polas diferentes «*autonomías*», e por iso, pouco debe estrañármonos sexa o máis utilizado polos académicos españolistas, especialmente polos que habitan na Galiza (do mesmo xeito que as súas plantas e animais, que diría o Antón Vilar Ponte), como expresión do seu auto-odio intrínseco, cos leva a acentuar o seu carácter anti-científico como «*solución terapéutica*» das eivas e doenzas incurábeis que lles provoca o seu españolismo.

**4 A INEXISTENCIA PRÁCTICA DE POLÍTICAS FISCAL E ORZAMENTARIA DADA A CARENCIA DE AUTONOMÍA POLÍTICA REAL.** Rematamos ver, de maneira resumida, como o SdF vixente non está pensado para a situación concreta da Galiza, xa que non cumpre co *principio de suficiencia* ao non estaren fundamentado no custo real de subministro das competencias transferidas, en especial, mostrando un déficit considerábel no financiamento dos *servizos públicos fundamentais* (SSPPFF: sanidade, ensino, protección social), e, moito peor, que non

asenta na existencia dunha *Facenda Galega real* que leve a cabo a organización e exercicio plenos das funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección) abrangendo **todos** os impostos soporados polos galegos, polo que **o principio de autonomía que o caracteriza non permite realizar nin de lonxe unha auténtica autonomía financeira nin unha política fiscal**, que son as derivadas necesarias da existencia dunha **autonomía política real**, cuxa negación para lla atribuíren en exclusiva á fantasmagoría dunha «nación única», constitúe unha característica chave, esencial, do españolismo como ideoloxía. Ao que hai de engadiren, entre outras cousas, o feito entregarse nas gadoupas da UE realmente existente, nun momento histórico en que a crise existente puña en cuestión o propio euro, producíndose unha panoplia de modificacións legais e de creación de novos instrumentos como, por exemplo, o famoso e oneroso MEDE («Mecanismo “Europeo” de Estabilidade»), ou o «Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza», orientados á defensa do euro e coa finalidade de descargar a crise sobre as maiorías sociais, nomeadamente as clases traballadoras, e que vai levar á modificación con nocturnidade e aleivosía por parte do PSOE e do PP do **artigo 135 da CE**, mudándoo dunha maneira cualitativa e de crucial importancia para os feitos que andamos a razoar.

Recordemos que tal artigo tiña unha formulación técnica, amorfa, sen ningún sentido daniño, nin para ben, nin para mal. Rezaba así:

«1. O Goberno terá que estaren autorizado por lei para emitir débeda pública ou contraer crédito. 2. Os créditos para satisfacer o pagamento dos xuros e capital da débeda pública do Estado consideraranse sempre incluídos no estado de gastos dos orzamentos [capítulos 3 e 9, poderíamos engadir] e non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axeiten ás condicións da lei de emisión».

Pola contra, a súa modificación nun artigo único vaise converter no seguinte:

«1. **Todas** as Administracións Públicas adecuarán súas actuacións ao **principio de estabilidade** orzamentaria.  
2. O Estado e as Comunidades Autónomas non poderán incorrer nun déficit estrutural que supere ás marxes **estabelecidas, no seu caso, pola Unión Europea** para os seus Estados Membros.  
Unha **lei orgánica** fixará o déficit estrutural máximo permitido ao Estado e ás Comunidades Autónomas en relación co seu produto interior bruto. **As Entidades Locais deberán presentar equilibrio orzamentario.**  
3. O Estado e **as Comunidades Autónomas** haberán de estar autorizados por lei para emitiren débeda pública ou contraeren crédito.  
Os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos



seus orzamentos e o seu pago **gozará de prioridade absoluta**. Estes créditos non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axusten ás condicións da lei de emisión.

O volume de débeda pública do conxunto das Administracións Públicas en relación co produto interior bruto do **Estado** non poderá superar o valor de referencia establecido no **Tratado de Funcionamento da UE**.

4. Os límites do déficit estrutural e do volume de débeda pública só poderán superarse no caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerabelmente a situación financeira ou a sustentabilidade económica e social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.

5. Unha **lei orgánica** desenvolverá os principios a que se refire este artigo, así como a participación, nos procedementos respectivos, dos órganos de coordinación institucional entre as Administracións Públicas en materia de **política fiscal e financeira**. En todo caso regulará:

a) A **distribución dos límites de déficit y de débeda** entre las distintas Administracións Públicas, os supostos excepcionais de superación dos mesmos e a **forma e prazo de corrección das desviacións** que sobre o un e a outra puideran producirse.

b) A metodoloxía e o procedemento para o cálculo do déficit estrutural.

c) A **responsabilidade** de cada Administración Pública no caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

6. As Comunidades Autónomas, de acordo cos seus respectivos Estatutos e dentro dos límites a que se refire este artigo, **adoptarán as disposicións que procedan para a aplicación efectiva do principio de estabilidade nas súas normas e decisións orzamentarias.**»

**«Disposición adicional única.**

1. A Lei Orgánica prevista no artigo 135 de la Constitución Española deberá estar aprobada **denantes do 30 de xuño de 2012**.

2. Dita Lei contemplará os mecanismos que permitan o cumprimento do límite de débeda a que se refire o artigo 135.3 da Constitución española.

3. Os límites de déficit estrutural establecidos no artigo 135.2 da Constitución Española **entrarán en vigor a partires de 2020.**»

**(subliñados nosos).**

A Lei Orgánica 2/2012<sup>1</sup>, de 27 de abril, que desenvolve con profusión e profundidade todos estes aspectos, coa que se cumpriron folgadoamente os prazos indicados

---

<sup>1</sup> Que curiosamente após da entrada no goberno central de PSOE e Unidas Podemos, torna en se chamar «lei Montoro» para lle botar a culpa en exclusiva ao PP, cando o primeiro movemento na modificación do artigo 135 foi realizado, obviamente, polo goberno do PSOE, ao que o PP apoiou todo o entusiasta que se queira, pois as súas diferenzas nas cuestións esenciais sobre o «europeísmo banal» e o mantemento do «statu quo» da España eterna, centralista, do españolismo, cada vez son menores. Tanto monta, monta tanto, malia as aparencias. Coas cousas «importantes» do punto de vista do españolismo non se xoga. E naturalmente tan culpábel da Lei Orgánica 2/2012 é o PSOE (que a aprobou, e vaia se aprobou, xa gobernando o PP) como o tal Montoro. Motivos para criticar politicamente a Montoro hainos para dar e tomar, mais non cremos que esta sexa un deles, no senso de ser culpábel individual, cando os actores principais foron os «socialistas» coa reforma constitucional «express» do ano 2011. Lamentabelmente o importante é a «politiquería» e non o contido real dos feitos, por parte dos actuantes, nese teatro en que,

na Disposición adicional única, o que xa quixeran outras leis, ademais de deixaren claro co pago do endebedamento (ao sector financeiro privado) ten unha prioridade absoluta sobre os demais tipos de gastos, sexan pensións, ou situacións de paro ou dependencia, vai a establecer a «*tríade subversiva*» da política orzamentaria, a expresión máxima da «*ortodoxia financeira*»: a chamada «*regra do gasto*», o cumprimento dos límites de déficit e débeda o que implica a eliminación de calquera autonomía sobre a mesma por parte das CCAA, xa non digamos ás CCLL, sometidas a unha situación de equilibrio *eterno* por definición, polo que non ten de estrañar o espolio que fai pouco vense de cometeren con elas, cos seus recursos, por parte do goberno de «*esquerdas e progre*». Goberno que chega a realizaren o milagre de converter unha «*renda básica universal*» nunha renda mínima, incompatible coas existentes nas diferentes CCAA, e que se aplicou só ao 10% do que eles tiñan previsto. Non haberá que dicir que a patronal está encantada coa «*responsabilidade*» e «*autonomía*» de semellante «*goberno*».

«*Eterno*» vaise a converter este ataque ás clases populares, á diversidade, afondando na centralización, cando se leva ao ámbito constitucional, cuestión que nin sequera era requirida pola UE, aínda que si o recomendaba, que terá, de facto, que incumpriren a súa propia constitución, ao que tan afeito está cando lle convén, por anular os instrumentos político-económicos precisos en caso de necesidade, pois os seus postulados son todo o contrario do significado do concepto de «*equilibrio económico e social*» tradicional, como acontece agora coa crise sanitaria, económica e social derivada da pandemia da COVID-19, na que a caída do PIB, o incremento do déficit e do endebedamento van tomar valores históricos en negativo, como mesmo reconece o goberno español, quen, porén, está incapacitado para renegar desta política, coma de tantas outras leis que tiña previsto derrogar no momento electoral e no acto de investidura como «novo» goberno (reforma laboral, lei mordaza, ...) que aí continúan para maior gloria do capital, e tomadura de pelo aos seus votantes. Así pois, esta lei centralista e retrógrada impón, de facto, unha política de «*austeridade*» permanente (para as maiorías sociais en exclusiva), que non a estupidez reiterada até o aburrimiento do «*austericidio*»; pretende facer *eterna* a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira (o que os «*expertos*» españolistas de quenda traducen en converteren isto nunha «*cultura*», como substituto da «*eternidade*» á que aludimos), introduce, entre outros elementos, que insistimos, axiña saltarán feitos cachizas, como a xa famosa «*regra de gasto*» (de limitación do gasto, máis exactamente), o equilibrio ou superávit orzamentario

---

*lamentablemente estase a converter a política, co mesmo Aristóteles fuxiría adoecido de todo disto. Ás veces temos escoitado que habería que derrogar a Lei 2/2012, ou a Lei «Montoro», como prefiran. O que hai que realmente reivindicar é a volta do artigo 135 da CE ao seu estado inicial, e logo tamén saírse do «Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza» do ano 2012, asinado polo Estado español, tamén chamado «Pacto orzamentario», que modificou o vello «Pacto de Estabilidade e Crecemento», e de onde veñen todos estes males.*

permanente (*poor* keynesianismo), a inexistencia do chamado déficit estrutural, en situación normal, a utilización da maior parte dos superávits para a redución do endebedamento neto, para maior gloria do sector financeiro, e que o endebedamento do conxunto das Administracións Públicas sexa **menor ou igual ao 60% do PIB no ano 2020** (o que xa negaron os orzamentos estatais presentados para 2018, último aprobado, e moito peor de tomar a situación presente), **repartido nun 44, 13 e 3% para a Administración Central, as CCAA e as CCLL**, respectivamente, de maneira que a primeira se reserva a parte do león, pois supón case as  $\frac{3}{4}$  partes do límite total. Non hai que ser moi sagaz para acreditar en que isto non se vai dar nin cumprido a fins do ano 2030, de lle facer caso a certos recentes estudos dos servizos da Comisión «*Europea*», cando menos no ámbito do endebedamento público e algo máis cedo seguramente para o caso do déficit público. Xunto coa consideración como **variábel chave** da política económica do **déficit público** de comunidades autónomas e concellos, ás que **se exige** unha situación de equilibrio ou superávit, **todo isto implica, de facto, a anulación dunha política orzamentaria propia por parte das CCAA**. Notemos que para Galiza o cumprimento do 13% no criterio de endebedamento **implica unha redución de 5,1 puntos porcentuais do PIB** a respecto da situación a fins de 2018 (18,1% do PIB), e, en consecuencia, menores ingresos, menores gastos e máis política de austeridade para as maiorías sociais, sobre as que recae a parte fundamental da carga tributaria. **Nestas condicións resulta obvio que Galiza, agora, non dispón da capacidade de contar cunhas políticas fiscal e orzamentaria que lle garanta unha autonomía política benéfica para o País e para dar solución progresiva aos seus problemas presentes e futuros e a mellora do benestar da súa poboación evitando a lacra de emigración, interna e externa, entre outras**. A solución a esta situación derivada da subordinación e dependencia galega do Estado e da UE, que se traduce na falta pavorosa de competencias que indican un grao mínimo de soberanía e na exacción por vías diversas do excedente creado no País en beneficio da «*España imperial mesetaria*», só se pode resolver facendo de Galiza o centro da soberanía, o proceso social máis importante e concreto de cara á **mellora do noso benestar** en todos os ámbitos, que os galegos temos de afrontar pois non dispomos, para alcanzar un dereito tan fundamental, de ningunha outra alternativa. Isto indica **até que grao o sistema autonómico está acabado, resúltanos inservíbel**. Pouco ten de estrañaren que o afamado Tribunal Constitucional, reitere con contumacia en diversas das súas sentenzas que «**autonomía non é soberanía**», tratándonos como pequenos incapaces de nos valer por nós propios, de exercer a nosa capacidade plena de actuación con baseamento nunha auto-responsabilidade completa, dereitos básicos aos que non podemos nin debemos renunciar, como non o fai ningunha familia. E a maiores, ratificando a xusteza da nosa afirmación de estarmos diante unha simples descentralización **administrativa**, cuxo elemento definitorio característico constitúeo

precisamente a *falta da soberanía*. Semellante apoio á nosa afirmación por ese tribunal prodúcenos unha «*satisfacción infinita*»: vén a ser o equivalente a que o «*Santo Tribunal da Inquisición*» acredítase nas afirmacións dun dos seus «*amadísimos reos*». A estas cousas, como xa nos debería parecer evidente a estas alturas do tempo, conduce a mesma CE de acordo coa tradución da mesma por parte dos seus máis afamados «*profetas*», aos que as baleas pouco dano pódennles facer, pois non parecen existiren nas profundidades do «*Manzanares*». O que vénnos a lembrar o acontecido co bárbaro asasinato cometido polos españoлисты por alí, co seguidor do Deportivo non fai moito tempo, caso que parece non ter nada que ver coa policía madrileña-española, a teor dos resultados alcanzados sobre del. Debeuse matar el a si propio. Pobres españois!! E a súa inimiga tradicional para con Galiza e os galegos.

Neste Estado, governe quen governe, cada vez con acenos máis pronunciados de carácter bananeiro, queda claro co paso do tempo non parece mudar nada esencial no funcionamento do mesmo, e no seu carácter irracional, do punto de vista das Nacións sen estado e das maiorías sociais. Mais iso si, o «*Estado español é o máis descentralizado do mundo mundial*» segundo a cantilena habitual de académicos, políticos e tribunais especiais ou non, españoлисты: a España *cañí* en todo o seu esplendor e presumindo con chulería do seu baseamento irracional, a única actividade que desempeñan con naturalidade!!!.

Serva de exemplo o vergoñento espectáculo que reiteradamente vivimos na nosa «*autonomía*». Se aparece a *velutina* ou a *couza*, ou calquera outra situación semellante, a pedir auxilio ao Estado salvador. Se o goberno de quenda se empeña en non cumpriren co seu deber a respecto das CCAA de réxime común, como aconteceu nun momento dado coa cuestión dos anticipos a conta aí xurde o rol mendicante do presidente da Xunta, pedindo case de xeonllos, que, por favor, se atendan ás súas peticións. E non se tratar como alega o PSOE galego de ningunha actitude «*reivindicativa*» deste señor, para defenderen así eles ao seu goberno estatal. Se gobernase o PP en Madrid, a situación simplemente inverteríase, como temos que aturar de maneira recorrente, que nisto consiste «*a política*» para os partidos maioritarios estatais presentes no noso País. Caracterizados, ambos os dous, pola submisión e aceptación da dependencia respecto do Estado e da UE como unha cousa «*normal e natural*». Quen lembra agora a famosa reivindicación de Feixoo dos 700 M€. En que quedou todo ilo?. Naturalmente, os 330 M€ correspondentes aos «*anticipos a conta*» foron feitos efectivos como corresponde por lei e nada máis que falar. Mais que aconteceu cos 200 M€ (198 exactamente) derivados da non percepción da entrega a conta correspondente ao IVE do mes de decembro de 2017, polo efecto derivado da modificación introducida pola implantación do sistema de «*Subministro inmediato de información (SII)*» pola

AEAT. Que a Ministra Montero do PSOE implanta e gaña medidas que certamente parecen absurdas: *nada menos converter un dereito de cobro real nun dereito de endebedamento co estado nesa cantidade*. Tal é a «bravura» reivindicativa que Feixóo. E que aconteceu cos 170 M€ restantes, correspondentes a dous exercicios, dos que nunca se quixo dar un argumento explicado da súa reivindicación, e que, é de supor se baseaban na Disposición Adicional 151ª da lei de orzamentos de 2018, última aprobada por agora, precisamente gobernando o PP, e que se refire á posibilidade de concesión de «incentivos ás Administracións territoriais». Cremos cos 170 M€ correspondían á débeda da CA co estado por mor das liquidacións do SdF correspondentes aos anos 2008 e 2009, negativas, e por tanto, a prol do estado. Tendo en conta que por este concepto viña pagando anualmente a comunidade uns 85 M€, en dous anos xa se sabe, 170 M€. E de feito a referida disposición adicional, sen entrar en moitos detalles, remitía, efectivamente, «ás cotas de reembolso de débedas fronte ao estado». O mao é que, a mesma disposición, ao seu comezo expresaba que «O Goberno [...] **poderá acordar a aprobación de incentivos** ....». E xa sabe, sen ser xurista, que poderé acordar non significa **acordará** (de maneira que en tal D.A. non figuraba ningunha fórmula concreta de definición de tais incentivos), que foi o que seguramente entendeu a Ministra Montero, e de aí derivou que non correspondía nada que aboar, así que a grande reivindicación de Feixóo, a respecto dos 700 M€ «que lle debía o Estado», cos que nos toleou uns cuantos meses até o momento electoral, de súpeto quedou enmudecido. E de feito non foi el só quen quedou mudo, senón todos os demais, especialmente os do PSOE, que terían un bo motivo para criticar a súa habitual nefasta xestión de goberno, malia do que presume como grande xestor, xa que ambos se pasan a vida defendendo todas as actuacións do goberno central contra da Galiza, tal como acontece, por exemplo co primeiro tramo de 6.000 M€ do chamado «fondo COVID», do que a Galiza chegaron 286 M€ (isto é, menos do 4,5% do total). E trátase de recursos que teñen que se investir na sanidade. Que fixo o chamado goberno galego para propor unhas condicións de reparto «máis ponderadas», denantes do BOE realizaren a publicación pertinente?. Pois iso.

Por outra parte, sería demasiado longo e non é materia para explicaren aquí o sucedido coa chegada do brote da COVID-19 e todo o proceso de re-centralización que levou a cabo o goberno central, de «*esquerdas e progresista*», do que teremos que falar porque queiramos ou non, non só é a preocupación principal da sociedade galega e non galega, e tanto mais como se está levando a súa xestión que nos conducirá axiña aos niveis de contaxio máximos alcanzados anteriormente, de seguir na senda actual (deixando de lado as deficiencias de medición patentes existentes, máis propias dun estado terceiromundista), no fondo para evitaren o ridículo internacional, senón tamén pola cuestión da situación económica e social xa existente e que mais que posibelmente empeorará nos anos vindeiros, deixando



a crise pasada nunha simples broma. Toda unha problemática que ten natureza por si propia, e a súa solución e resultados non se resolve mirando cara outro lado.

En todo caso, a denuncia desta posición mendicante, reiterada acotío, dos persoeiros do goberno galego e por parte das forzas estatais, fronte a falla abafante de competencias que nos impide dar unha solución axeitada a todos os graves e históricos problemas que padecemos, en función dos nosos intereses, non sendo o menor a crise sanitaria e económico e social; a que afectar a unha parte importante dos nosos sectores produtivos; a da inutilidade do SdF de réxime común, de cuxa modificación non hai quen se acorde; a do «*estado das autonomías*» en xeral, representación xenuína dunha argalleira e inútil descentralización; a da necesidade imperiosa e racional nunha sociedade normal dunha reforma integral do sistema fiscal para dotalo de progresividade, tal como reza retoricamente a propia CE, que mais unha vez non serve para nada, de maneira que en función da capacidade económica se cumpra que «*quen teña máis pague máis que proporcionalmente*», e que a carga tributaria deixe de descansar maioritariamente sobre o lombo das clases traballadoras; a da preparación debida dos servizos públicos fundamentais; do «*fondo de transición “xusta”*» e en xeral, de todos os moitos aspectos ligados coa COVID-19 e a UE; dos novos fondos estruturais e dos correspondentes a PAC e a pesca, que nos afectan directamente; a de tomar medidas para evitar o tratamento como colonizados que practica o goberno do Estado con nós, o que os ratifica na súa convicción histórica da condición de colonia do noso País, ..., son algúns dos moitos elementos centrais que hai de contestaren e traballaren tamén politicamente, botando man de todos os argumentos precisos, existentes con abundancia, e sen desbotaren a contundencia lexítima fronte a eles, aspecto que na nosa modesta opinión non está a se tomaren en consideración coa debida atención, polo que esta situación esperpéntica, auto-destrutiva, e de tomadura de pelo ao conxunto dos galegos, moito tememos que continúe por ben tempo, senón o impedimos, e o avance electoral experimentado debe ser un alicerce para frear a hexemonía político-social dos partidos de ámbito estatal en prexuízo do pobo galego e a prol dunha forza política nacionalista cuxa misión esencial debe ser a realización de propostas alternativas na defensa intransixente dos intereses da nosa Nación, e cuxo ascenso, baseado na aceptación e extensión social, desas propostas e do seu ideario, como normais, é unha necesidade de primeiro orde cara avanzarmos nesa hexemonía e deste xeito, dar comezo a unha solución necesaria e segura ao conxunto de problemas lacerantes que padecemos, mais e mais, co paso do tempo.

**5 O SdF NON É A ÚNICA FORMA DE SUCCIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS GALEGOS.** Por suposto que non. Brevemente e sen ánimo exhaustivo. Galiza, dada a súa situación de subordinación e dependencia do estado español e da UE, vén soportando historicamente unha serie de sangueiras que supuxeron un

custo inmenso irrecuperábel, e un dano moi importante as nosas principais fontes de riqueza. E o proceso continúa, senón se acentúa.

Así a *emigración forzada* que padecemos como consecuencia *da falla de competencias que nos impiden dispor dun tecido empresarial integrado e interconectado, pechando as cadeas de valor chave, e que provea os postos de traballo suficientes para sustentar a posibilidade de realizar o principio de vivir e traballar na propia terra, dereito esencial, como consecuencia das políticas anti-galegas instrumentadas polo goberno español e a UE*, co sacrificio persoal e familiar que significa, coa perda da formación que lles demos, coa perda de non criar riqueza no noso País, a perda das cotizacións sociais e uns efectos demográficos perversos e perniciosos cara o noso futuro. A *descapitalización do país*, a través da actuación do sistema financeiro operante na Galiza, todo el coas súas sedes localizadas fóra, e maioritariamente en Madrid, onde está localizada a sede da maioría, senón de todas, as institucións financeiras operantes na Galiza (deixando de lado as pequenas caixas rurais existentes), logo da liquidación e desaparición do sector financeiro galego gobernando o excelso xestor Feixóo parecería que empeñado na misión da faceren desaparecer Galiza, e que conduce a que *os nosos depósitos non sexan realmente nosos*, de facto, utilizándose para promover o desenvolvemento e benestar dos *outros*, desda España *cañí e mesetaria*. Segundo o Banco de España, a 31 de decembro de 2018, *23.379 M€ dos nosos depósitos cumprían este papel*, equivalente nada menos que a *2,6 veces os gastos non financeiros executados pola CCAA e ben máis de 1/3 do noso PIB*. É doado ver os efectos moi negativos do País non contar con entidades financeiras galegas, nin públicas nin privadas, por mor dos numerosos inimigos internos e externos cos que conta Galiza, a comezar polo goberno do PP indíxena, que fixo iso posíbel, tal é o seu desleixo a respecto da defensa dos intereses auténticos do País. A *fluxida cara fóra dos recursos xerados polas empresas coa súa sede fóra de Galiza*, onde os obteñen, como é o caso dos sectores financeiro, enerxético, das telecomunicacións, da maioría das grandes distribuidoras, de importantes empresas manufactureras que, asemade, se pode cuantificar en varios miles de millóns de euros. A *tributación de todas estas empresas fóra de Galiza*, que xa consideramos anteriormente. A *exportación da enerxía eléctrica*, a través dunha rede unitaria, sen compensación ningunha, e que supón que desde mediados do século pasado, Galiza «lle regale» ao Estado unhas sumas inxentes, a través *da imposición do mecanismo estatal da tarifa unitaria*, dadas pola diferenza entre esta tarifa e o prezo real, máis baixo, a que se podería e debería subministrarse no noso país, beneficiando ás familias e ás empresas, e facilitando a potenciación do noso tecido produtivo e o emprego. Certamente, *a succión da nosa enerxía dun xeito colonial*, en beneficio exclusivo da metrópole. O *papel obrigado de subministradores de*

*importantes materias primas*, impedindo o goberno central o peche dos ciclos produtivos no noso país, abranguendo toda a cadea de valor (algo ao que agora dedica boa parte do seu tempo en reivindicar a propia UE, após de promover a conversión da China como «*fábrica mundial*»), o que suporía unha mellora económica e social de enorme dimensión, impedindo a lacra da emigración, xunto co proceso de modernización que ilo implicaría e de intensificación das interrelacións empresariais, eliminando os moitos ocos hoxe existentes na matriz intersectorial, por non mencionar a inferior dependencia das importacións e a mellora da nosa balanza comercial. ***A succión por parte do estado español dos fondos comunitarios que corresponderían a Galiza***, a través de procedemento de xestionar de xeito centralizado a maior parte dos fondos estruturais e non estruturais (PAC, pesca). De facto, diversas rexións portuguesas cun PIB por habitante semellante ao de Galiza recibiron desde fai moitos anos entre o 2-2,5% do seu PIB en fondos estruturais, mentres a Galiza escasamente chegaba ao 1%. Deste xeito podemos medir dalgunha maneira este efecto succión que o estado español espalla por outras comunidades, entre elas Madrid, unha das grandes beneficiarias, nada menos que do Fondo de Cohesión, canda o estado o recibía, dicindo que Galiza debería, como mínimo, ter recibido o duplo de fondos estruturais e non estruturais que recibiu, porque así lle correspondía de acordo cos seus parámetros económicos e sociais, utilizados para a asignación de tais fondos. Ou ***a absorción de parte dos beneficios das pequenas e medianas empresas galegas*** polas empresas monopolistas ou oligopolistas con centros na Galiza, por mor do seu ***poder de mercado***, algo do que non dubidan nin os máis ardorosos ultraliberais. En definitiva, debe quedar claro que é esta situación de submisión e dependencia, e por tanto da ***incapacidade hoxe existente para formular un plan de desenvolvemento propio auto-centrado***, en función dos nosos intereses nos planos económico, social, cultural e patrimonial, a que nos mantén nunha situación de atraso permanente e progresivo, en que nos quere manter o Estado opresor no que fomos inxeridos á forza, para o seu beneficio propio e o das clases dominantes parasitarias que constitúen o seu soporte.


**6 OS RESULTADOS DA LIQUIDACIÓN DO SdF DE RC EN 2018.** Resumiremos estes resultados, cuxo desenvolvemento polo miúdo se pode seguir nos Anexos, presentando primeiro, os recursos tributarios en termos *reais*, para logo facelos, ao xeito de todo o conxunto do españolismo, en termos *normativos*, é dicir, sen exercicio de competencias nos tributos que dispuñan delas, pois teñen a realidade como o seu principal inimigo declarado.

RECURSOS REAIS		TRANSFERENCIAS TÍTULO I			TÍTULO I	TRANSFERENCIAS TÍTULO II						
CC.AA	R. TRIB.	Fondo Garantía	F. SUF. GLOBAL	TOTAL	TOTAL SdF	Fondo Coop.	Fondo Comp.	D.A. 3ª LEI 22/09	TOTAL	TOTAL SdF	COMP. Especif.	COMP. Homox.
CAT	22.678	-1.518	756	-761	21.917	0	1.056	0	1.056	22.973	2.596	20.377
GZ	5.861	1.503	583	2.085	7.946	213	0	0	213	8.159	334	7.825
AND	16.235	4.774	490	5.264	21.499	741	0	0	741	22.241	900	21.341
AST	2.444	336	182	518	2.962	83	0	0	83	3.044	83	2.961
CANT	1.417	46	479	525	1.942	45	0	0	45	1.987	143	1.844
A RIOX	744	69	207	276	1.020	22	0	0	22	1.042	78	964
MUR	2.926	738	-196	542	3.467	78	114	0	192	3.659	20	3.638
C.VAL	11.446	1.142	-1.411	-269	11.177	397	843	0	1.240	12.416	353	12.063
ARAG	3.461	183	270	453	3.914	87	0	0	87	4.001	94	3.907
C-A MAN	4.037	1.248	77	1.325	5.363	174	0	0	174	5.537	13	5.524
CANAR	1.953	2.834	73	2.906	4.859	113	653	0	766	5.626	299	5.327
ESTRE	1.882	892	435	1.327	3.209	97	0	0	97	3.306	9	3.297
I. BAL	3.882	-390	-683	-1.073	2.808	0	640	0	640	3.448	124	3.324
MADR	21.546	-4.039	-738	-4.778	16.768	0	321	0	321	17.089	1.143	15.947
C-LEON	5.563	975	423	1.398	6.962	185	0	0	185	7.147	17	7.130
RC	106.074	8.792	947	9.739	115.813	2.234	3.627	0	5.861	121.674	6.204	115.470

En termos reais, podemos comprobar como os recursos *tributarios* significan o 87,2% a nivel do conxunto do réxime común, mentres que para Galiza tal porcentaxe é so do 71,8%, máis de **15 puntos porcentuais inferior**, unha consecuencia «natural» por mor da inalcanzábel *igualdade territorial* que tanto pregoa a súa «carta magna» demostrando que serve para ben pouco útil, sobre todo no caso do noso País. Isto con referencia aos *recursos totais* do sistema (a antepenúltima columna da táboa), é dicir, para afrontaren todas as competencias con que contan as comunidades do réxime común, tanto as específicas ou singulares, como as comúns (coas que contan todas estas comunidades), e que, como se ve, están integrados tanto polos *recursos tributarios* «cedidos», a falsa «capacidade tributaria galega», como por unha serie de *transferencias*, das que hai de distinguiren as contempladas nos Títulos I e II da Lei do SdF, 22/2009. Para unha análise concreta do significado de todo este conxunto de transferencias, en especial desde o punto de vista ideolóxico que xogan, pode verse o artigo «A liquidación do Sistema de Financiamento das CC.AA. de Réxime Común en 2009» na Revista «Terra e Tempo» de xullo 2011-xuño 2012.

Se destes recursos totais (121.674 M€) restamos a penúltima columna do Cadro, que indica o valor das competencias *específicas* ou singulares para todas e cada unha das comunidades coas que tratamos, obteremos, na columna final, as cifras máxicas coas que xogan todos os españolistas, é dicir, co que denominan

«competencias *homoxéneas*», que como vemos supoñen un total de 115.470 M€. Precisamente, aínda que até fai ben pouco tempo criticaban os defectos do sistema, de principio, cando se produciu o acordo sobre del, no ano 2009, todos loaban as maravillas deste sistema a un nivel tal, que ía produciren a situación idílica, para eles, de conseguiren a *igualdade por poboación axustada para todas as comunidades*, ou polo menos, reducir severamente as diferencias que producía o sistema anterior 2002-2008. Xusto aconteceu todo o contrario: as diferencias de recursos por poboación axustada agrandáronse notabelmente como imos ver.




	TOT/PA	HOM/PA
MÁXIMO	121,7	119,0
MÍNIMO	90,8	93,5
PERCORRIDO	30,8	25,5 pp
DESV. TÍPICA	8,77	7,53

Convertendo os valores absolutos en relativos tanto das competencias totais como das homoxéneas por poboación axustada, e igualando a 100 o índice correspondente ao conxunto do

réxime común, obtemos a Gráfica anterior, na que, por suposto, de se cumpriren a condición idílica soñada e sempre afirmada de maneira propagandística polo conxunto de académicos e políticos españoлисты, da «*igualdade por poboación axustada*», deberíamos obterer dúas liñas rectas *horizontais* (para as competencias totais e homoxéneas respectivamente, ambas as dúas situadas no nivel 100, de maneira ca súa visión faríase algo complexa). Como se pode comprobar, até un mesmo cego daríase conta que tal situación idílica está moi lonxe de se cumpriren. En termos estatísticos (táboa embaixo da gráfica), vemos como o «*percorrido estatístico*», e dicir, a diferenza entre os valores máximo e mínimo supón, nada menos, que 30,8 puntos porcentuais no caso das competencias totais, e 25,5 pp, no caso das competencias homoxéneas, valores moi superiores ás diferenzas, así definidas, que producía o sistema anterior (e tamén as que producía o mesmo sistema no ano anterior). E é que a complicación crecente dos sistemas de financiamento, convertido xa nun auténtico galimatías para calquera cidadán «*normal*», para con ilo afianzar as súas concepcións ideolóxicas, presentándonos o Estado español como unha especie de maravillosa máquina «*igualadora*» e por tanto, tan necesario para todos, non é mais ca unha auténtica fraude. *A desigual-*

*dade é precisamente a base esencial que caracteriza a este Estado opresor.* Deixando de lado que na Gráfica podemos comprobar que, por exemplo, Cantabria, A Rioxa (uni-provinciais) ou Estremadura, teñen uns índices moi superiores aos de Madrid ou *Catalunya*, ¿quer dicirse con ilo que as primeiras comunidades prestan máis e mellores servizos públicos aos seus cidadáns que as últimas devanditas?. Penso que non vale a pena en perder o tempo dando contestación a esta falcatruada. Os datos equivalentes, en termos normativos, que son os que tan insignes persoeiros utilizan decotío, pretendendo sempre obviaren a realidade todo canto poden, se mostran a continuación.

REC. NORMATIVOS		TRANSFERENCIAS TÍTULO I			TÍTULO I	TRANSFERENCIAS TÍTULO II						
CC.AA	R. TRIB.	Fondo Garantía	F. SUF. GLOBAL	TOTAL	TOTAL SdF	Fondo Coop.	Fondo Comp.	D.A. 3ª LEI 22/09	TOTAL	TOTAL SdF	COMP. Especif.	COMP. Homox.
CAT	22.551	-1.518	756	-761	21.789	0	1.056	0	1.056	22.846	2.596	20.250
GZ	5.971	1.503	583	2.085	8.056	213	0	0	213	8.269	334	7.935
AND	16.168	4.774	490	5.264	21.432	741	0	0	741	22.174	900	21.274
AST	2.540	336	182	518	3.057	83	0	0	83	3.140	83	3.057
CANT	1.552	46	479	525	2.077	45	0	0	45	2.122	143	1.979
A RIOX	799	69	207	276	1.075	22	0	0	22	1.097	78	1.019
MUR	2.997	738	-196	542	3.538	78	114	0	192	3.730	20	3.709
C.VAL.	11.761	1.142	-1.411	-269	11.492	397	843	0	1.240	12.732	353	12.379
ARAG	3.596	183	270	453	4.049	87	0	0	87	4.136	94	4.043
C-A MAN	4.137	1.248	77	1.325	5.462	174	0	0	174	5.636	13	5.623
CANAR	2.156	2.834	73	2.906	5.063	113	653	0	766	5.829	299	5.530
ESTRE	1.899	892	435	1.327	3.226	97	0	0	97	3.323	9	3.314
I. BAL	3.596	-390	-683	-1.073	2.523	0	640	0	640	3.162	124	3.038
MADR	22.907	-4.039	-738	-4.778	18.129	0	321	0	321	18.450	1.143	17.308
C-LEON	5.880	975	423	1.398	7.278	185	0	0	185	7.464	17	7.446
RC	108.509	8.792	947	9.739	118.248	2.234	3.627	0	5.861	124.109	6.204	117.905



	TOT/PA	HOM/PA
MÁXIMO	127,4	125,1
MÍNIMO	90,8	95,0
PERCORRIDO	36,6	30,1 pp
DESV. TIPICA	9,54	8,26

O primeiro que hai que observar é que os recursos totais (e tamén os homoxéneos, por suposto) en termos normativos *son 2.435 M€ superiores aos reais*, como consecuencia esencialmente das novas fórmulas de cálculo do valor normativo de determinados impostos dos chamados «*cedidos tradicionais*» establecidas na Lei do SdF. Neste caso, especialmente, pola Taxa sobre o Xogo, *que supera, en termos normativos, en 2.882 M€ o seu valor real* (1.061 M€). Todo un exemplo de utilización da



ciencia dun xeito «eficaz». É de agardar que médicos ou científicos nucleares non se comporten do mesmo xeito, cando se aplican ás súas tarefas. Por outra parte, vemos, como nos ensina a táboa anterior, resumo estatístico, como a dispersión dos dados neste caso, mesmo supera os niveis (percorrido estatístico e desviación típica) dos recursos totais e homoxéneos por «*Poboación Axustada*» no caso anterior que xa vimos, e mostrándonos que a urxencia de proceder a un «*axuste fino*» constitúe unha tarefa prioritaria para estes adoradores das tautoloxías e das «*igualdades desiguais*», das igualdades troleiras cara xustificaren a necesidade para «*todos*» dese seu Estado opresor. Se tanto o queren porque non quedan con el, e deixan tranquilos aos cidadáns das outras nacións inxeridas á forza nel, que non fan máis que defender a causa colectiva e democrática máis fundamental, cal é a de alcanzar a súa liberdade e auto-gobernarse en plenitude, para así mellorar o benestar das súas poboacións e rematar dunha vez coa opresión que hoxe padecen nos planos económico, social e cultural<sup>2</sup>. Mais *españolismo e imperialismo «interno» son as dúas caras da mesma moeda* (xunto a *submisión a poderes externos retrógrados* como os que representan ese monstro *economicista* e antidemocrático que é realmente a UE, ou a *ianquilandia* en acelerado proceso da perda da súa hexemonía mundial, polo que estamos a vivir unha fase de transición, caracterizada como é normal nestes casos, por unha situación mundial mais ben caótica, mentres non remate de se impoñer definitivamente unha nova hexemonía, que parece evidente, a estas alturas do tempo, virá do lado asiático, chinés e do sudeste asiático, quizais máis cedo que tarde).

**7 UNHA CUESTIÓN FINAL.** Transcribamos en primeiro lugar a Disposición adicional sétima da Lei do actual SdF (22/2009, de 18 de decembro, publicada no BOE N° 305 de 19 de decembro de 2009), que di así:

«*Revisión quinquenal.*

*O Comité Técnico **Permanente** de Avaliación (CTPA), creado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, avaliará os distintos aspectos estruturais do Sistema de Financiamento, con carácter quinquenal, cara informaren sobre as posíbeis modificacións que se poidan someter á consideración do CPFF, na busca dunha mellor coordinación financeira, garantindo a autonomía e suficiencia das Comunidades e o equilibrio e sustentabilidade do sistema.»*

---

<sup>2</sup> No caso de Galiza, non esquezamos que, como xa advertiu Castelao, o proceso de dependencia e subordinación comezou a finais do século XIV e agudizouse a finais do XV coa «doma» por parte dos Reis Católicos. Desde entón, os factores de colonización en todos os ámbitos, especialmente desde a instauración do Estado-nación centralista e capitalista no século XIX, non fixeron máis que provocar consecuencias negativas, efectivamente un intento de «castración». A anulación da nosa historia como unha das consecuencias, oculta que Galiza foi o reino cristiá orixinario e dominante na península, antes de Castela existir como tal.



No período transitorio, é dicir desde os tempos da chamada *pre-autonomía* (1979) até o ano 1986, o sistema consistía nunha transferencia por cada un dos Servizos Públicos e Competencias transferidas polo chamado «*Custo Efectivo*», que pretendía pasar polo *custo real* delas. Efectivo sería, mais para o Estado *unitario-centralista*, xa que, de facto, non cubría os custes reais, coma deixaron de manifesto as posteriores modificacións normativas do seu cálculo, e sobre todo pola experiencia vivida por comunidades como a galega. Unha confirmación da inadecuación deste concepto, é que supuxo que transferencias como todo o Ensino e a Sanidade se fixeran cunha grave perda para o noso País (téñense calculado nuns 200.000 millóns de pesetas daqueles tempos, aproximadamente).

Os diferentes SdF até 2001 (1987-1991, 1992-1996, 1997-2001) foron, como se ve, quinquenais, posto que a LOFCA (a Lei Orgánica de Financiamento das CCAA) regulaba que a *Participación «nos Ingresos do Estado» –transferencia PIE–* por parte das CC.AA. debería calcularse por un tempo de cinco anos. Posteriormente, nos tempos do megalómano Aznar, aprobárase o SdF, con base 1999 e que entrou en vigor no ano 2002. Era tal a súa «*perfección e virtudes*» que acadara un nivel *súmmum*, polo cal declarouse que *a súa vixencia fóra eterna*, infinita no tempo. Porén, non se tardou moito en decatarse da escasa concordancia que o anterior tiña a ver coa realidade, de maneira que tal sistema «*perfecto*» rematou no ano 2008, cando comezaron as negociacións que alumearon o sistema actual que entrou en vigor, con carácter retroactivo, o 1 de xaneiro de 2009 (Disposición Final 5ª do SdF, 22/2009).

Pois ben, tal como indica enriba a Disposición adicional 7ª da Lei do SdF vixente, este *debería ser revisado no ano 2014*, e con tanta maior razón por canto os efectos da crise económica padecida produciron un devalar considerábel da recadación tributaria, e con ilo dos recursos que financiaban as competencias transferidas polo que o principio de suficiencia era máis xusto cualificalo como principio de *insuficiencia*. Non por casualidade no ano 2012 se arbitraron por parte do Estado, como xa mencionamos, uns recursos extraordinarios de financiamento *temporais* (préstamos estatais brandos, para que así estes recursos *non teñan efecto ningún no «sacro» déficit público*), para as comunidades de réxime común, se vén que Galiza permitiuse o luxo de non se incorporaren *até o ano 2015*, con grave prexuízo para o funcionamento dos seus servizos públicos. Recursos que até o momento en que escribimos isto seguen en vigor.

Precisamente, naquelas circunstancias políticas e económicas parece que non «*se daban as condicións*» *para cumprir coa Lei* do SdF, procedendo como correspondería, de acordo con ela, á negociación dun novo sistema, nun exemplo máis

de que neste Estado as leis valen tanto coma nos estados alcumados «*bananeiros*». Así que deuse comezo a un proceso de «*mareo da perdiz*» que continua até hoxe, seis anos logo do que prescribe a lei do SdF aínda en vigor, e, hoxe certamente, a tal modificación do sistema de financiamento esquecida por todos, a comezar polo actual goberno central e a Xunta de Galiza no momento que escribemos isto.

